

**BASES DO SORTEO DE AGASALLOS PATROCINADOS POR FIRMAS EXPOSITORAS
DA 36ª FEIRA DO MOBLE DE GALICIA (19-22/09/2024)****FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA.****PRIMEIRA.- AMBITO DE APLICACIÓN**

Levarase a cabo no Concello da Estrada.

SEGUNDA.- OBXECTIVO DO SORTEO

Promoción e divulgación da 36ª Feira do Moble de Galicia, a través do sorteo de agasallos, patrocinados pól as seguintes firmas comerciais, presentes na 36ª Feira do Moble de Galicia:

ARTEST	Dúas almofadas
CARPINTERÍA RODEIRO	Un cruceiro de buxo
CONFORT HOGAR	Unha fregona con cubo e escurridor
DURABED	Dúas almofadas de grafeno
FRIGOHOGAR	Unha lavadora
IRMANS PICAÑO	Un set de limpeza de cans
MOVEIS LOUREIRO	Un cadro
MOVEIS VILELA	Un xogo de coxins
MUEBLES O RASTRO	Un puff con respaldo
NATURA Y SALUD	Un xogo de masaxeadores
NOA HOGAR	Un xogo de sábanas de coralina
NOZZEO	Unha almofada
RAINBOW	Cinco paneiras
TUPPERWARE	Un túper

Emprégase este reclamo publicitario para incentivar e incrementar a visita a este certame de promoción económica.

Os agasallos serán os que figuran na revista oficial da 36ª Feira do Moble de Galicia pólo que, non se admiten câmbios de cor, de medida, modelo, etc...

A campaña desenvolveráse dende o 19 ao 22 de setembro de 2024, ambos inclusive e conta co patrocinio directo das mencionadas firmas comerciais, presentes na 36ª Feira do Moble.

TERCEIRA.- SORTEO

Os sorteos destes agasallos, realizaráse no pavillón nº. 5, os días 20 e 21 de setembro. O venres o sorteo será ás 19.00 horas e o domingo ás 20.00 horas. Os sorteos serán públicos.

Os bonos acreditativos de gañadores serán entregados única e exclusivamente aos/as afortunados/as.

A entrada ao recinto custará 2€ e dará dereito a participar no sorteo, entregaránse a cada visitante con idade superior aos doce anos. O día 19 de Setembro, a entrada o recinto é de balde, pólo que, non se entregará rifa para o sorteo.

Non se contempla a posibilidade de que unha mesma persoa poida optar a mais dun premio pólo que, de repetirse o nome do/a agraciado/a, procederáse a anular a papeleta e a extraer unha nova.

Todas as entradas depositadas na urna serán acumulativas e permitirán o acceso a este e outros sorteos da mesma campaña.

CUARTA.- PUBLICACIÓN DO/A GAÑADOR/A E COMUNICACIÓN DO PREMIO

A Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, poñeráse en contacto co/a gañador/a, vía telefónica.

QUINTA.- ENTREGA DOS BONOS DE GAÑADOR/A.

A entrega de bonos efectuaráse nas oficiñas da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada. O/a gañador/a, deberá acreditarse a través da presentación de NIF. Terán un prazo de dez días para retirar a acreditación de gañador/a.

Os gastos de desprazamento ao lugar de recollida do agasallo correrán a cargo do/a gañador/a do bono. No caso de que o/a gañador/a non recolla o bono antes de dez días naturais, perderá automaticamente o seu dereito ao premio.

O/a gañador/a autoriza á Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada a reproducir e empregar o seu nome, apelidos e imaxe, en calquera actividade pública e promocional, relacionada co sorteo no que resultou gañador/a, sen que esta utilización confíralle dereito de remuneración ou beneficio algún con excepción feita da entrega do bono en cuestión.

SEXTA.- PARTICIPACIÓN

A participación neste sorteo, implica a aceptación sen reservas destas bases e as decisións da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada en canto á resolución de calquera cuestión derivada do presente sorteo.

SÉTIMA.- CESIÓN DO PREMIO

O premio do presente sorteo, en ningún caso poderá ser obxecto de cesión, alteración ou compensación a petición do/a gañador/a.

OITAVA.- VERACIDADE DOS DATOS

Os datos facilitados polo participante deberán ser veraces. No caso de que estes fosen falsos, o premio en cuestión quedará deserto.

NOVENA.- RECLAMACIÓNS

O período de reclamacións sobre o sorteo finalizará transcorridos cinco (5) días naturais dende o remate da 36ª Feira do Moble de Galicia.

DECIMA.- MODIFICACIÓN DE BASES E SUSPENSIÓN DO SORTEO

A Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, resérvase o dereito a suspender, aprazar ou cancelar o presente sorteo en calquera momento anterior ao comezo do mesmo, sempre que existan causas que así o xustifiquen, así como a modificar as presentes bases, comprometéndose a comunicar as novas bases, condicións, suspensión, aprazamento ou cancelación, no seu caso.

UNDECIMA.- RESPONSABILIDADES ALLEAS

En ningún caso a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada será responsable dos servizos que calquera outra entidade coa que esta colabore, preste ao/a agraciado/a como consecuencia do premio entregado. A responsabilidade da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada queda limitada, en exclusiva, á publicación do resultado do sorteo segundo se atopa contemplada nestas bases e á entrega do premio á persoa agraciada co mesmo; fóra do anterior, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada non responderá fronte a calesqueira tipo de reclamacións que se puidesen formular directa ou indirectamente relacionadas co sorteo, a condición de agraciado/a ou a retirada do premio no punto designado nestas bases para a súa entrega.

Así mesmo, o agraciado/a deberá dirixirse directamente fronte ao proveedor do premio no caso de que o agasallo non se axuste o estipulado nestas bases.

DUODECIMA.- DEPÓSITO

As presentes bases aparecerán recollidas e dispoñibles ao público na páxina web da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada www.feiradomoble.gal

DECIMOTERCEIRA.- XURISDICION

Para o coñecemento de calquera litixio que puidese suscitarse en canto á interpretación ou aplicación das presentes bases, tanto a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada como os participantes no presente sorteo, sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais da Estrada, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidese corresponderlles.